

SINÓNIMOS: SON AS PALABRAS DA MESMA CLASE QUE TEÑEN UN SIGNIFICADO IGUAL OU MOI SEMELLANTE.

POR EXEMPLO:

- CUALIFICACIÓN = NOTA = PUNTUACIÓN
- FOLGAZÁN = NUGALLÁN = LACAZÁN = LAMPANTÍN =
LACOEIRO = VAGO
- AVALIAR = CUALIFICAR

O XÉNERO DOS SUBSTANTIVOS

TODOS OS SUBSTANTIVOS TEÑEN UN XÉNERO:
MACULINO (HOME, CABALO, COSTUME, SINAL, XIZ)
OU **FEMININO** (MULLER, EGUA, ÁRBORE, COR,
PONTE)

TODOS OS **SUBSTANTIVOS FEMININOS** PODEN IR
ACOMPAAÑADOS POLO **ARTIGO A**, COMO POR
EXEMPLO: **A** ACNE, **A** AGUIA, **A** ALA, **A** ALMA, **A**
ÁRBORE, **A** ARTE, **A** AUGA, **A** AULA.

4.5 Formación do feminino

En xeral, os substantivos forman o feminino de dúas maneiras diferentes.

Rematados en singular en...	Forman o feminino...	Exemplos
e ou o átonos	cambiando e/o por a	<i>mestre-mestra, raposo-raposa</i>
o tónico ou consoante	engadindo a	<i>avó-avoa, doutor-doutora</i>

ÁRBORES FROITEIRAS

AS ÁRBORES FROITEIRAS TEÑEN O MESMO ÉNERO CÁS SÚAS FROITAS: O PEXEGO - O PEXEGUEIRO, A PERA – A PEREIRA. AÍNDA QUE HAI 2 EXECEPCIÓNS: O FIGO – A FIGUEIRA, A CASTAÑA – O CASTIÑEIRO

REGRAS DE ACENTUACIÓN

Palabras	LEVAN acento gráfico as rematadas en...	NON levan acento gráfico as rematadas en...
Agudas	• vogal: mazá, bisté, esquí, avó, xampú • vogal + n: irmán, alguén, traizón • vogal + s: mañás, cempés, autobús • vogal + ns: veráns, xardíns, roxóns	• ditongos ai, au, ei, eu, oi, ou, iu, ui: bacallau, amañei, chapeu, bocoi, calou, fuxiu • eses ditongos + s: quizais, despois, azuis • consoante distinta de n ou de s: falar, anel
Graves	• consoante distinta de n ou de s: móbil, álbum, cáliz, tórax, líder • grupo consonántico distinto de ns: álbums, cómics, sándwichs, bíceps, récords	• vogal: almofada, alcume, taxi, estoxo • vogal + n: slogan, dolmen, mitin, colon • vogal + s: choromicas, lentes, xoves, virus • vogal + ns: slogans, dolmens, mitins
Esdrúxulas	calquera letra, pois lévano todas: lámpada, dúbida, árbore, prognóstico, hipopótamo	

Í OU Ú EN HIATO E NA SÍLABA TÓNICA

CANDO I OU U VAN EN HIATO E ESTÁN NA SÍLABA TÓNICA, LEVAN SEMPRE ACENTO GRÁFICO. ESTA NORMA, AÍNDA QUE VAI EN CONTRA DO QUE DIN AS REGRAS XERAIS, CÚMPRESE SEMPRE: RA-Í-ÑA, SA-Ú-DE, PRO-TE-Í-NAS, TRAN-SE-ÚN-TE, PRO-Í-DO, A-ÍN-DA, LÚ-A, PO-SÚ-E, MI-Ú-DO, XU-ÍZ.

Fíxate ben!

- As **letras maiúsculas** seguen as regras de acentuación exactamente igual cás minúsculas. Polo tanto hai que poñerlles acento gráfico cando lles corresponde: *FLORERÍA LÓSTREGO, RÚA ROSALÍA DE CASTRO, Óptica Álvarez.*
- Todos os **nomes propios** (de organismos, empresas, marcas comerciais, países, cidades, ríos, montes, etc.) acentúanse igual que calquera outra palabra: *Consellería de Educación, Telefónica, Campofrío, África, Xapón, Becerreá, río Lérez, serra do Xurés.*
- Os **nomes das persoas** e os **apelidos** tamén levan acento gráfico cando lles corresponde: *Ánxela, María, Xosé, César, Suárez, García, Señoráns.*
- Nos ditongos o acento gráfico hai que poñelo sobre as vogais **a**, **e** ou **o**: *náufrago, terapéutico, cirurxián, diérese, camiión.*
- As palabras estranxeiras de uso frecuente en galego tamén seguen as mesmas regras de acentuación: *iglú, popurrí, récord, smóking, bádminton, párkinson.*